



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O colectivo de mariscadoras de Corcubión vén denunciando dende hai meses os problemas que teñen para manter unha explotación rendible dada a presenza de hidrocarburos na auga e a cualificación da zona de explotación.


Engadido a estes problemas que teñen unha posible solución plantexada pola Administración, agora denuncian a situación de discriminación a que están sometidas pola propia confraría de pescadores da súa localidade, que na teoría, debería representalas e defendelas, xa que elas tamén son membros da entidade.

Dado que as confrarías son entidades de dereito público, baixo a tutela da Administración e reciben unha maior parte dos seus ingresos mediante transferencias de capital da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, esta non pode quedar allea as denuncias das mariscadoras.

Por todo o anteriormente exposto, o deputado asinante formula as seguintes preguntas:

- 1.- Ten coñecemento a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de tales denuncias?
- 2.- Cales foron os pasos dados pola Xunta para rexenerar a convivencia democrática na confraría?
- 3.- Está normalizada a situación na confraría de Corcubión?
- 4.- É algo normal no seo das confrarías estes comportamentos antidemocráticos?



 Grupo Parlamentario

5.- En cantas confrarías ten intervido a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos por feitos semellantes nos últimos cinco anos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de xaneiro de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 26/01/2007 12:36:04